



Concello de Castoerverde

AXUDAS MUNICIPAIS PARA
LIBROS E MATERIAL ESCOLAR
DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 4º,
5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL



CONCELLO DE
CASTOERVERDE

Concello de Castoerverde

Plaza do Concello, nº 2, Castoerverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 66LMX5WCPCP9E4ZKXEXMY5DXF | Corrección: <https://concellocastoerverde.setelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Castrolverde

EXPTE: 252/2022

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA ALUMNOS/AS DE 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL DO C.P.I PLURILINGÜE DE CASTROLVERDE.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil do C.P.I Plurilingüe de Castrolverde para o curso escolar 2022-2023.

Estas axudas van destinadas para a compra de libros e material escolar (material funxible, mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático, mochila, etc.), sendo a finalidade das mesmas a de apoiar economicamente a estas unidades familiares.

SEGUNDA.- Requisitos xerais.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a destas axudas os seguintes:

- a) Que o alumno/a estea matriculado/a no C.P.I Plurilingüe de Castrolverde.
- b) Que neste período escolar 2022-2023 estea o alumno/a cursando 4º, 5º ou 6º de Educación Infantil .
- c) Ter presentada a solicitude e o resto de documentación necesaria durante os prazos estipulados.


TERCEIRA.- Solicitude e documentación.

A solicitude destas axudas deberá ir acompañada da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (pai/nai ou titor/a).

Só se aceptará unha única solicitude por beneficiario (podendo incluír esta varios alumnos/as).

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 66LMX5WCPCP9E4ZKXEXM75DXF | Corrección: <https://concellocastrolverde.setelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Castroverde

Xunto coa solicitude achegárase a seguinte documentación:

- DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (pai, nai ou titor/a)
- Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar.
- Certificación da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor/a).
- Certificado de estar matriculado/a/s o/a alumno/a/s no C.P.I Plurilingüe de Castroverde (debendo indicar o curso no que está/n matriculado/s).

CUARTA.- Importe das axudas.

O importe destas axudas será de **70 € por cada alumno/a** e terán **efectos retroactivos**, é dicir, que engloban tamén os **gastos en compra de libros e material escolar que se levaran a cabo dende o 1 de xullo do presente ano ata finalizar o prazo de xustificación (20 de decembro de 2022)**.

QUINTA.- Presentación das solicitudes.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes e resto de documentación no Rexistro Xeral do Concello de Castroverde ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).


SEXTA.- Publicidade, prazo para solicitar as axudas, tramitación e subsanación de solicitudes.

A publicación das presentes Bases realizarase no taboleiro de Anuncios e Edictos e na web do Concello de Castroverde.

O prazo para solicitar as axudas remata o 25 de novembro do presente ano.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 66LMX5WCPCP9E4ZKXEAMV5DXF | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Castroverde

Unha vez presentadas as solicitudes o instrutor do procedemento comprobará que cumpran con todos os requisitos esixibles e aporten toda a documentación necesaria e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición.

SÉTIMA.- Resolución das axudas.

Unha vez comprobadas e resoltas todas as solicitudes polo órgano instrutor, publicarase listado das axudas concedidas e denegadas no taboleiro de Anuncios e Edictos así como na web do concello.

OITAVA.-Xustificación das axudas.

Os/as solicitantes beneficiarios destas axudas deberán achegar a seguinte documentación xustificativa:

- Anexo II destas bases debidamente cuberto por cada beneficiario/a.
- Xustificante/s de compra (factura/s, ticket/s...) que sume/n polo menos o importe de 70 €. Só se admitirán facturas e tickets de compra de locais comerciais ubicados no concello de Castroverde. **Só se aceptarán facturas e tickets de datas comprendidas entre o 1 de xullo ao 20 de decembro do presente ano.**

O prazo para entregar esta documentación xustificativa remata o día 20 de decembro de 2022 (transcorrido este prazo sen haber presentado a xustificación darase por denegada a axuda).

NOVENA.- Pagamento das axudas

O pagamento das axudas aboarase no número de conta que o/a solicitante aportou no momento da solicitude e realizarase sempre e cando se houbera aportado correctamente toda a documentación xustificativa dentro do prazo establecido.

Asdo.: M^a Pilar Ferreiro Villar
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte
Educación e Xuventude do Concello de Castroverde

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

<i>SOLICITANTE (pai/ nai ou titor/a)</i>	
Nome e Apelidos:	DNI, NIE ou Pasaporte:
Teléfono/s:	Domicilio:
Municipio:	Data de nacemento:
País de nacemento:	Correo electrónico:

ALUMNO/S/A/S PARA O/S/A/S QUE SE SOLICITA A AXUDA:

1.

Nome e apelidos:	Data de nacemento:	País de nacemento:
------------------	--------------------	--------------------

2.

Nome e apelidos:	Data de nacemento:	País de nacemento:
------------------	--------------------	--------------------

3.

Nome e apelidos:	Data de nacemento:	País de nacemento:
------------------	--------------------	--------------------

4.

Nome e apelidos:	Data de nacemento:	País de nacemento:
------------------	--------------------	--------------------

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 66LMX5WCPCP9E4ZKXE4XMY5DXF | Corrección: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7



Concello de Castrolverde

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

- DNI/ NIE ou pasaporte da persoa solicitante (pai/nai/titor/a).

- Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar.

- Certificación da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai/nai ou titor/a).

- Certificado de estar matriculado/a/s o/a/s alumno/a/s no C.P.I Plurilingüe de Castrolverde (debendo indicar o curso no que está/n matriculado/s).

Castrolverde,

de

de 2022

Sinatura do solicitante,


Asdo:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPd), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e dos do menor é o Concello de Castrolverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castrolverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais e os do menor é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais e os do menor serán empregados para a correcta xestión da axuda. Nin os seus datos nin os do menor se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos e/ou os do menor, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: info@concellodecastrolverde.com.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE (LUGO)

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

ANEXO II

XUSTIFICACIÓN DA AXUDA PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

Don/a con DNI/NIE ou Pasaporte.....

con domicilio en

teléfono/s.....

como pai, nai ou titor/a do/s seguinte/s alumno/s:

.....
.....
.....
.....

Achego este anexo debidamente cuberto xunto coa seguinte documentación xustificativa:

- Xustificante/s de compra (factura/s, ticket/s...) que sume/n polo menos o importe da axuda, 70 €. (Só se admitirán facturas e tickets de compra de locais comerciais ubicados no concello de Castrolverde. Só se aceptarán facturas e tickets de datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 1 de decembro do presente ano).

Castrolverde, de de 2022

Sinatura do solicitante,

Asdo:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPd), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e dos do menor é o Concello de Castrolverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castrolverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais e os do menor é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais e os do menor serán empregados para a correcta xestión da axuda. Nin os seus datos nin os do menor se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos e/ou os do menor, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: info@concellodecastrolverde.com.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE (LUGO)

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011

